

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2021/9

DATA: xoves 29 de xullo de 2021

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:05 h

HORA DE REMATE: 21:33 h

PRESIDE ADOLFO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA ACCIDENTAL VICENTA A. CAMPAÑA MARTINEZ, que redacto esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

BNG

ADELINA CES QUINTANS

TOBIAS BETANZOS REGO

RAQUEL GARCIA ABUIN

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA

PP

MARIANO MOARES RIAL incorporase a sesión plenaria as 20:07 h.

GERMAN ALLUT VIDAL abandona a sesión plenaria as 21:10 h.

ALICIA CAROU ROMERO

FRANCISCO RUBIO VICENTE abandona a sesión plenaria as 20:51 h.

PSdeG-PSOE

MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ

MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

Rianxo en Común-SON

JULIO ALCALDE HERMO

AUSENTES

Ciudadanos

SARA MARÍA RESUA PATIÑO

OUTROS: (EMPREGADOS PÚBLICOS MUNICIPAIS)

CARLOS CES OZORES

## ORDE DO DÍA

### PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación Acta nº 8/2021 do Pleno en sesión ordinaria do 24 de xuño de 2021
2. CE 2/2021. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 2/2021

### PARTE DE CONTROL

3. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN, RELATIVA Á DOTACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE DÍA DE RIANXO
5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN, RELATIVA Á EXTENSIÓN DO SERVIZO DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO
6. Rogos e preguntas

### ACORDOS

### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000009 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=8LwFy4M5s14>**

## PROPOSTAS ORDINARIAS

**1 APROBACIÓN ACTA Nº 8/2021 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 24 DE XUÑO DE 2021**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 8/2021 de 24/06/2021.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

## PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 24/06/2021, Acta nº 8/2021.

## SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

Incorporase a sesión plenaria as 20:07 h. o concelleiro do grupo municipal PP Mariano Moares Rial

**2 CE 2/2021. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 2/2021**

O alcalde da conta de proposta que a continuación de transcribe:

<b>Núm. expte. Crédito extraordinario</b>	CE 2/2021
<b>Importe da modificación orzamentaria</b>	25.500 €
<b>Tipo de financiamento</b>	Remanente de tesourería para gastos xerais (RTGX)
<b>Finalidade da modificación</b>	Anualidade 2021 concesión autobuses: 7.500,00 € Bonos comercio: 18.000,00 €

Da liquidación do Orzamento de 2020 resultou un remanente de tesourería para gastos xerais de 1.083.315,59 € e agora corresponde determinar o seu destino. No expediente de CE 1/2021

incluíronse gastos financiados co dito remanente de tesourería por unha contía de 849.288,10 € e no SC 1/2021, un importe de 136.693,53 €. O resultado é que queda unha contía dispoñible de 97.333,96 €:

RTGX	1.083.315,59
Utilizado en CE 1/2021	849.288,10
Utilizado en SC 1/2021	136.693,53
RTGX dispoñible actual	97.333,96
Proposta: CE 2/2021	25.500,00
RTGX dispoñible tras o CE	71.833,96

### 1. Anualidade 2021 para a concesión de transporte municipal de viaxeiros

O 05/07/2021 reiniciouse o servizo municipal de transporte de autobuses, con novas condicións económicas, como é o pagamento dunha achega municipal de 1.500 € mensuais. A anualidade de 2021 comprende desde o 5 de xullo ata o 4 de decembro, polo que ascende a 7.500 € (5 mensualidades). Con carácter previo á adxudicación tramitouse a transferencia de crédito 27/2021, reducindo, para elo, crédito das aplicacións orzamentarias 4312.22609 *Actividades culturais vinculadas ao mercado municipal* (2.670 €) e 432.22609 *Actividades culturais vinculadas a Turismo* (4.830 €). Co fin de non reducir en exceso a bolsa de vinculación 43/2, xa se indicou no expediente da transferencia de crédito a intención de que a dita modificación fose transitoria, á espera da entrada en vigor da modificación financiada con remanente de tesourería para gastos xerais, obxecto deste expediente de crédito extraordinario 2/2021. Cúmprense os requisitos esixidos:

- **Gasto excepcional que non se pode demorar ata o exercicio seguinte:** este gasto consiste nunha achega que pretende contribuír ao equilibrio económico da concesión do transporte municipal de autobuses. A súa necesidade fíxose ineludible no mes de xuño deste exercicio, polo que non existía dotación orzamentaria para elo. As dificultades económicas da concesión e a previsión de que o servizo non puidese continuar nun contexto agravado polas consecuencias da pandemia da COVID-19, fan que se traten dunha actuación que non se puidese demorar ata o exercicio seguinte.
- **Non existe crédito axeitado e suficiente:** no orzamento vixente en 2021 non existía financiamento específico para os gastos relacionados. Se ben, tramitouse unha transferencia de crédito, pola maior axilidade fronte ao crédito extraordinario, tamén é certo que se realizou con carácter transitorio, dada a necesidade de contar coa consignación orzamentaria de inmediato. Non obstante, a dita transferencia de crédito, minorou en 7.500 € a bolsa de vinculación 43/2, relativa ao mercado municipal, turismo ou desenvolvemento empresarial, áreas nas que non é conveniente reducir orzamento. Por este motivo, preténdese que, coa entrada en vigor do CE 2/2021, se anule a TC 27/2021.
- **Acredítase a existencia dun recurso suficiente para tramitar a modificación**

**orzamentaria:** utilizarase o remanente de tesourería para gastos xerais.

## 2. Bonos comercio

A pandemida da COVID-19 tivo un efecto moi forte no consumo interno, que se viu reducido debido á crise económica que provocou e ás limitacións á mobilidade e desprazamentos das persoas. Isto supuxo que a contracción do consumo mantívose durante o exercicio 2021.

Actualmente, está en estudio o fomento do consumo no comercio local mediante a emisión dos bonos comercio. O orzamento previsto para os bonos é de 15.000 €; a este importe hai que engadirle outra contía estimada para os gastos de xestión relativos ás tarxetas. Actualmente, non se coñece o importe deste custe, pero atendendo ás convocatorias doutros concellos, pódese estimar nun máximo de 3.000 €. O obxectivo desta medida é contribuír á reactivación económica, fomentando o consumo en empresas de ámbito local, contando co compromiso e colaboración da veciñanza de Rianxo.

Tendo en conta todo o exposto, quedan xustificados os seguintes extremos que motivan a tramitación dun crédito extraordinario:

- **Gasto excepcional que non se pode demorar ata o exercicio seguinte:** considérase que é unha actuación que non se debe demorar ao exercicio seguinte, xa que a crise que está a sufrir o comercio local está tendo lugar neste momento e demoralo reduciría os seus beneficios.
- **Non existe crédito axeitado e suficiente:** no orzamento vixente 2021 non existe financiamento específico para os gastos relacionados.
- **Acredítase a existencia dun recurso suficiente para tramitar a modificación orzamentaria:** utilizarase o remanente de tesourería para gastos xerais.

O 19/07/2021 a Intervención emitiu informe favorable a esta proposta.

En virtude do exposto, **PROPOÑO:**

PRIMEIRO

Aprobar inicialmente o expediente de créditos extraordinarios 2/2021, que presenta o seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Importe
4411.20900	Canon. Transporte viaxeiros	7.500
433.48000	Axudas a familias e ESFL. Promoción empresarial	18.000

Aplicación orzamentaria	Descrición	Importe
<b>Total</b>		<b>25.500</b>

Concepto de ingreso	Descrición	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	25.500
<b>Total</b>		<b>25.500</b>

## SEGUNDO

Expoñer ao público o expediente de crédito extraordinario 2/2021 mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto nos artigos 169 e 177.2 do texto refundido da Lei das facendas locais, polo prazo de 15 días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

## TERCEIRO

No suposto de non presentarse reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica.

## CUARTO

Coa entrada en vigor desta modificación, procede anular a transferencia de crédito 27/2021, relativa á achega municipal á concesión de transporte de viaxeiros.

## QUINTO

Darlle conta deste acordo á Intervención Municipal para que continúe coa tramitación do expediente.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión ordinaria do día 22/07/2021.

### DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por unanimidade dos 9 membros presentes dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

## PRIMEIRO

Aprobar inicialmente o expediente de créditos extraordinarios 2/2021, que presenta o seguinte

detalle:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Importe
4411.20900	Canon. Transporte viaxeiros	7.500
433.48000	Axudas a familias e ESFL. Promoción empresarial	18.000
<b>Total</b>		<b>25.500</b>

Concepto de ingreso	Descrición	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	25.500
<b>Total</b>		<b>25.500</b>

## SEGUNDO

Expoñer ao público o expediente de crédito extraordinario 2/2021 mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto nos artigos 169 e 177.2 do texto refundido da Lei das facendas locais, polo prazo de 15 días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

## TERCEIRO

No suposto de non presentarse reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica.

## CUARTO

Coa entrada en vigor desta modificación, procede anular a transferencia de crédito 27/2021, relativa á achega municipal á concesión de transporte de viaxeiros.

## QUINTO

Darlle conta deste acordo á Intervención Municipal para que continúe coa tramitación do expediente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

### **3 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/06/2021 ata o 30/06/2021, que comprenden os números 458/2021 ao 563/2021, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 10 da Sesión ordinaria do día 03/06/2021
- Acta nº 11 da Sesión ordinaria do día 17/06/2021

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

Abandona a sesión plenaria o concelleiro do grupo municipal PP Francisco Rubio Vicente as 20:51 h.

### **4 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN, RELATIVA Á DOTACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE DÍA DE RIANXO**

O alcalde, toma a palabra para comunicar que de acordo co grupo municipal de Rianxo en Común que presenta a Moción, retirase a proposta da orden do día para un pleno posterior, os demais grupos municipais están de acordo, polo que Conforme ao establecido no artigo 97 do RD 2568/1986 de 28 de novembro a presente Moción quede sobre la mesa, aprazándose para a seguinte sesión.

Abandona a sesión plenaria o concelleiro do grupo municipal PP German Allut Vidal as 21:10 h.

### **5 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN, RELATIVA Á EXTENSIÓN DO SERVIZO DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **RELATIVA Á EXTENSIÓN DO SERVIZO DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO**, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse conta da moción, que se transcribe literalmente:



## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Hospitalización a Domicilio (HADO) é un servizo que consisten en achegar coidados de rango hospitalario ao domicilio do paciente de xeito efectivo e seguro, é dicir, substitúe o hospital naqueles pacientes para quen, pola súa enfermidade ou evolución, o domicilio en réxime de hospitalización é a mellor opción asistencial.

Os pacientes que se poden beneficiar do servizo son:

- Pacientes que, tras un procedemento cirúrxico realizado no hospital, que precisan dunha atención que, polas súas características, inicialmente non é asumible no ámbito da atención primaria de saúde.
- Pacientes con patoloxía médica aguda (como por exemplo enfermidades infecciosas que precisan antibióticos intravenosos ou con tratamentos antineoplásicos), crónica agudizada ou avanzada e pacientes paliativos.

Este servizo, que se presta dende os principais hospitais do país, non chega a Rianxo por atoparse a máis de 30 km dos dous puntos de referencia máis próximos (Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela e o Hospital do Barbanza). Así, aínda que a distancia que nos separa destes puntos é mínima, o rango fixado impide que se inclúa o noso municipio neste servizo tan necesario.

Se ben un dos obxectivos da coñecida como Estratexia HADO 2019-2023 era a de achegar o servizo a toda a poboación e se fixeron algúns esforzos nese sentido, como a recente convocatoria para inscrición de aspirantes nas listas para a formalización de nomeamentos estatutarios temporais de persoal médico de hospitalización a domicilio no ámbito das institucións sanitarias do Sistema público de saúde de Galicia (Resolución do 25 de xullo do 2021 do Servizo Galego de Saúde), o certo é que a día de hoxe aínda municipios coma o noso seguen sen poder beneficiarse do servizo e moitos veciños seguen padecendo as complicacións propias de térense que trasladar ao centro que lle corresponda cando se podería evitar.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común somete á consideración do Pleno da Corporación do Concello de Rianxo, para o seu debate e aprobación, de ser o caso, os seguintes acordos:

- 1- Instar á Consellería de Sanidade a que habilite temporalmente o persoal necesario para estender o servizo de atención a domicilio a Rianxo antes de que finalice o ano 2021.
- 2- Trasladarlle este acordo aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

## **6 ROGOS E PREGUNTAS**

### DELIBERACIÓN

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000009 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=8LwFy4M5s14>**